

18 Abril de 2016 - Revista 1069

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 11

BOLSAS E AXUDAS / 12

NOVAS DE EMPREGO / 21

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 28

EN PORTADA

Rey Varela presenta a campaña de verán 'máis ambiciosa e inclusiva' dos últimos anos que porá a disposición dos mozos galegos máis de 9.000 prazas

Martes, 12 Abril 2016 07:04



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou hoxe en San Lázaro a **Campaña de verán 2016** coincidindo co día que se publican as ordes da convocatoria da programación. Alí asegurou que a través desta iniciativa, a Xunta beneficiará á xuventude "a través da súa participación en múltiples actividades cun compoñente de educación non formal no ámbito do ocio e o tempo libre, á vez que se facilita a conciliación da vida familiar e laboral das familias galegas durante a época estival". O responsable da área social aseverou que a campaña deste 2016 supón "a máis ambiciosa e inclusiva dos últimos anos" ao ofertar aos mozos e mozas de Galicia un total de 9.046 prazas cun

investimento global de 2.645.420 euros, o que supón un incremento do 6% en prazas e do 9% en orzamento respecto ao ano 2015 cando se puxeron a disposición dos rapaces un total de 8.530 prazas cun investimento de 2.428.430 euros.

A **Campaña de verán de 2016**, como indicou o conselleiro estrutúrase en torno a cinco eixes fundamentais que son os campamentos de verán, a oferta concertada, as actividades para maiores de 18 anos, os campos de traballo, así como as actividades para mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior. Na súa intervención, o conselleiro salientou a importancia da inclusión daqueles menores que se atopan nunha situación de dificultade nesta nova convocatoria. Así lembrou que os mozos e mozas con discapacidade, calquera que sexa o seu grao, "poderán presentar a súa solicitude de participación ben polo procedemento xeral, ou ben a través das prazas reservadas de inclusión, permitindo a súa participación en condicións de igualdade".

Do mesmo xeito, o conselleiro recordou que os menores en situación de tutela ou en garda pola Administración que se atopan en acollemento residencial tamén poderán participar nesta convocatoria ao optar ás 100 prazas das que dispón a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Ademais, como novidade, aqueles que non acaden praza reservada poderán participar no sorteo xeral en igualdade de condicións cos outros mozos. En total, a **Campaña de verán 2016** contará con 305 prazas reservadas para colectivos como os de discapacidade, menores tutelados ou fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, un 12% máis que en 2015 cando contaba con 272 prazas. O obxectivo destas medidas, dixo o titular de Política Social, é que "a inclusión social dos mozos e das mozas con dificultades sexa unha realidade ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre a mocidade".

Máis prazas en todos os campamentos

Segundo informou o conselleiro na rolda de prensa que tivo lugar en San Lázaro, grazas a nova convocatoria da Campaña de verán e ao incremento do investimento tamén "medran as prazas destinadas aos campamentos de verán, aos campos de traballo, ás actividades para mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior e mantéñense as prazas para as actividades para maiores de 18 anos".

Os **campamentos** de verán porán á disposición dos mozos e mozas galegos de entre 9 e 17 anos numerosas actividades de carácter cultural, ambiental, deportivo ou voluntariado. En total serán 6.205 prazas o que supón un incremento do 16,75% respecto a 2015.

Os **campos de traballo** fomentan a convivencia, a participación e a solidariedade a través de actividades levadas a cabo en distintas comunidades autónomas e outros países como *Francia, Alemaña, Grecia, Italia, Corea do Sur* ou *Xapón*. A oferta de prazas dos 24 campos situados en Galicia medrará un 21% ata acadar as 588 ás que cómpre sumar as 370 prazas dos campos de traballo que están fóra de Galicia (120 noutras comunidades e 250 no estranxeiro).

As **actividades para mozos** descendentes de galegos residentes no exterior medran nun 28% cun total de 230 prazas ao abeiro do programa '**Conecta con Galicia**' levado a cabo coa *Secretaría Xeral de Emigración* e que coas actividades de '**Cultura e Camiño**' e '**O mar de Galicia**'. Como novidade, este ano resérvanse 50 prazas máis para os descendentes de galegos noutros tres campamentos de verán.

A **programación** dirixida a mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 aos 30 anos, manterase intacta neste 2016 ao continuar ofertando as 240 prazas que xa se puxeron á disposición dos mozos en 2015.

Política Social abre o prazo de solicitudes para que a mocidade participe no programa de mobilidade transnacional Galeuropa que permitirá realizar prácticas formativas en 31 países europeos

Martes, 12 Abril 2016 14:51

- Estas prácticas poderán realizarse en calquera empresa ou entidade pública ou privada dos seguintes países: *Lituania, Hungría, Letonia, Estonia, Turquía, República Checa, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Romanía, Portugal, Eslovaquia, Malta, Grecia, Bélxica, Luxemburgo, Chipre, Alemaña, Austria, Países Baixos, Italia, Polonia, Francia, Islandia, Suecia, Finlandia, Liechtenstein, Irlanda, Reino Unido, Dinamarca e Noruega*
- O programa está dirixido a mozos e mozas menores de 30 anos e a duración das prácticas formativas será de dous a catro meses consecutivos
- A orde de convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado venres 8 de abril enmárcase dentro do Programa Operativo de Emprego Xuvenil cofinanciado pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo e está dotada con 2.034.074,76 euros

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social vén de abrir o prazo de solicitudes para participar no programa de mobilidade transnacional xuvenil **Galeuropa**. Esta iniciativa permitirá que os mozos e mozas menores de 30 anos poidan realizar prácticas formativas non retribuídas en empresas e entidades públicas ou privadas de 31 países europeos para complementar a súa competencia profesional e persoal, incrementando así as súas posibilidades de inserción laboral.

A través de programas como **Galeuropa**, a Xunta de Galicia pretende promover e axudar a financiar á mobilidade da mocidade galega para que realice estadias de prácticas formativas non remuneradas en entidades e empresas públicas ou privadas de países europeos. As axudas concederanse directamente de xeito individual ou ben mediante concesión de axudas a proxectos de mobilidade de entidades sen ánimo de lucro con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude ou proxectos de concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

As prácticas formativas non retribuídas poderán realizarse en calquera empresa ou entidade pública ou privada dos seguintes países: *Lituania, Hungría, Letonia, Estonia, Turquía, República Checa, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Romanía, Portugal, Eslovaquia, Malta, Grecia, Bélxica, Luxemburgo, Chipre, Alemaña, Austria, Países Baixos, Italia, Polonia, Francia, Islandia, Suecia, Finlandia, Liechtenstein, Irlanda, Reino Unido, Dinamarca e Noruega.*

A orde de convocatoria publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado venres 8 de abril enmárcase dentro do **Programa Operativo de Emprego Xuvenil** cofinanciado pola **Iniciativa de Emprego Xuvenil** e o **Fondo Social Europeo** e está dotada con 2.034.074,76 euros, coa seguinte distribución de créditos: 957.949,37 euros para as axudas de mobilidade individuais de mozos e mozas, 772.689,60 euros para a concesión de proxectos presentados por entidades sen ánimo de lucro e 303.435,79 euros para a concesión de proxectos presentados por concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios a que se refire a Lei de Administración local de Galicia. Todas as axudas teñen previsto un anticipo do 80% do importe da achega concedida.

Poderán participar neste programa de mobilidade os mozos e mozas inscritos no ficheiro do **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil** no ámbito da **Comunidade Autónoma de Galicia** que cumpran coa condición de beneficiarios menores de 30 anos. Nas axudas individuais os destinatarios son maiores de 18 anos, mentres que nos outros dous procedementos poden participar mozos a partir dos 16, a criterio das entidades. Así mesmo, cómpre destacar que poderán participar nesta convocatoria os mozos e mozas que xa participaron en edicións anteriores neste programa.

Para ser beneficiarios do **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil** débense cumprir os seguintes requisitos: non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación e non ter recibido accións educativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos 90 días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación. No caso de que se trate dunha finalización da participación no sistema educativo, considerárase que o requisito anterior queda suxeito a non ter recibido accións educativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos últimos 30 días naturais e non ter recibido accións formativas que comporten máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

A contía da axuda por beneficiario darase en función do país de realización da práctica formativa e en función da duración da mesma. O importe da axuda total inclúe unha axuda para os gastos de aloxamento e manutención e axuda para a viaxe. E para os proxectos de mobilidade promovidos polos concellos e entidades sen ánimo de lucro se prevé unha axuda para apoio dos aspectos organizativos e á execución do proxecto.

O **prazo** de solicitudes será dun mes dende o día seguinte á publicación da orden de axudas no **Diario Oficial de Galicia**. A duración das prácticas formativas será de **dous a catro meses** consecutivos.

Principais novidades

As principais novidades do programa **Galeuropa 2016** respecto da convocatoria anterior son as seguintes: ampliación da idade máxima dos mozos para poder participar, pasando de menores de **25 anos a menores de 30**, a habilitación dunha axuda para a entidade de acollida no país de realización das prácticas e ampliase a duración da estadia, pasando dun máximo de tres a catro meses.

A finalidade do programa de mobilidade transnacional xuvenil é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos mozos non ocupados e non integrados nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

De conformidade co **Plan de Emprego Xuvenil**, a mobilidade, tanto nacional como europea, pode constituír un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio que pode supoñer na aprendizaxe dun idioma estranxeiro. Desta maneira, a experiencia laboral no estranxeiro pode aportar un valor engadido á formación permanente dos mozos a á súa traxectoria profesional e proporcionarlle máis oportunidades de emprego.

A directora xeral de Participación continúa coa rolda de encontros cos mozos e mozas que ampliaron as súas experiencias sociais e laborais a través programas de Xuventude

Mercores, 13 Abril 2016 07:19



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, **Cecilia Vázquez**, mantivo hoxe en Santiago unha xuntanza de traballo cos mozos e mozas que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola **Dirección Xeral**, entre eles, **Iniciativa Xove**, **Voluntariado Xuvenil**, **Galeuropa** ou **Deseñando o teu futuro**. O encontro tivo lugar no **Centro Coordinador de Información Xuvenil** da capital galega, e nel participaron rapaces e rapazas procedentes das comarcas de **Santiago, Sar, Ordes e Barcala**.

Esta iniciativa ten como obxectivo recoller as súas conclusións á hora de participar nos diferentes programas, co fin de coñecer as súas suxestións, queixas ou dúbidas para recollelas e así poder mellorar as prestacións dos recursos que a **Dirección Xeral** programa para os mozos e mozas de Galicia. **Cecilia Vázquez** explicou na xuntanza que *“estas reunións forman parte das accións de participación da mocidade nos temas do seu interese, xa que consideramos prioritario que tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación desta administración”*.

Ademais, **Cecilia Vázquez** tamén mantivo unha encontro con concelleiros de xuventude de ditas comarcas, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a administración autonómica e de presentar a programación da **Dirección Xeral** para 2016.

Entre os meses de **febreiro e abril**, *Cecilia Vázquez* está a manter un total de **14 encontros** con mozos e mozas de toda Galicia así como cos responsables de xuventude dos concellos. As xuntanzas xa se celebraron en *Chantada, Lugo, Noia, Melide, Ferrol, Coruña, Lalín, Vilagarcía, Pontevedra* e nas vindeiras semanas terán lugar en *Ourense, Vigo, Betanzos e Carballo*.

Parlamento Xove chega á fase final na que participarán 16 equipos de 12 centros educativos galegos

Venres, 15 Abril 2016 08:53

A fase final da competición de debate **Parlamento Xove**, que organiza a *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*, dará comezo mañá cos debates de cuartos de final no que participarán un total de dezaseis equipos de doce centros educativos, oito na categoría de *Educación Secundaria Obrigatoria* e outros oito na categoría de *Bacharelato*. O **sábado** descorrerán os debates de semifinais e finais no hemicycle do *Parlamento de Galicia*.

Os **oito equipos** que chegaron á fase final na categoría de Educación Secundaria Obrigatoria pertencen ao **Colexio Maristas "A Inmaculada"** (A Coruña), ao **Colexio La Salle** (Santiago), ao **IES Monte Castelo** (Burela), ao **IES A Pinguela** (Monforte), ao **IES de Becerreá** e ao **CPR Nosa Señora de Lourdes** (A Estrada). Todos eles competirán cun equipo mentres que o **CPR Plurilingüe Sagrada Familia** (Vilagarcía) contará con dous equipos na fase final.

Na categoría de Bacharelato participarán nesta fase final con dous equipos o **IES de Becerreá**, e cun equipo o **IES Eduardo Pondal** (Santiago), o **Colexio La Salle** (Santiago), o **CPR Plurilingüe Colexio Esclavas** (A Coruña), o **IES Antón Fraguas** (Santiago), o **Colexio Internacional Sek Atlántico** (Poio) e o **IES de Rodeira** (Cangas).

Parlamento Xove é unha competición de debate na que os equipos participantes empregan a oratoria para defender un posicionamento acerca dun tema proposto pola organización. Os compoñentes de cada equipo, formado por catro alumnos e alumnas e un profesor, investigarán e debaterán sobre o tema proposto, que nesta fase final é **"O machismo adolescente segue presente na nosa cultura?"** Cinco minutos antes de cada encontro dialéctico se procede ao sorteo da postura a adoptar por cada equipo, *"a favor"* ou *"en contra"*, en relación á cuestión formulada.

O equipo gañador de Bacharelato e da categoría da ESO recibirán como premio unha viaxe valorada en 5.000 e 3.000 euros respectivamente. Os membros dos equipos subcampións das dúas categorías recibirán un disco duro. Así mesmo, os membros dos equipos gañadores do premio ao mellor dossier de investigación recibirán un mp3, ao igual que os mellores oradores.

Parlamento Xove ten como obxectivo fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias, ao tempo que se potencian habilidades individuais e en grupo, entre as que destacan o desenvolvemento da capacidade de selección de información, a expresión escrita, a expresión oral, a orixinalidade, a argumentación razoada, o traballo en equipo e a convivencia. Asemade, fomenta a lectura, a escritura, o emprego das novas tecnoloxías con fins informativos e culturais e o respecto polas ideas dos demais.

A Consellería de Política social celebra o cuarto Ágora Xove baseado no diálogo intercultural, na cohesión social e no respecto pola diversidade

Venres, 15 Abril 2016 08:54



A **Biblioteca Central da Universidade de Vigo** acolleu hoxe o cuarto **ÁgoraXove**, un novo programa da *Consellería de Política Social* para fomentar e consolidar o protagonismo dos mozos e mozas a través da creación de foros que faciliten a súa participación na vida social, económica e cultural. A temática e o programa de actividades de cada un dos foros está deseñado en función das particularidades sociais, económicas e culturais do ámbito territorial no que se desenvolva. Deste xeito, o **ÁgoraXove de Vigo** contou cunha temática baseada no diálogo intercultural, a cohesión social e o fomento do respecto pola diversidade. O obxectivo era tratar de romper cos estereotipos, estigmas sociais, prexuízos e discriminacións, ademais de amosar outras realidades sociais presentes na nosa contorna.

Na práctica, o **ÁgoraXove de Vigo** ofreceu ao público a oportunidade de manter conversas con persoas coas que normalmente non terían contacto, e das que escoitaron a súa historia persoal para axudalos a romper as barreiras que puideran existir entre eles, amosándolles outras realidades. Este proceso lévase a cabo coa simulación dunha biblioteca na que o público fai a reserva do **"libro humano"** que quere ler e se lles asigna unha quenda de 15 minutos para que se leve a cabo a lectura en forma de conversa.

Os **"libros humanos"** serán un cooperante, unha persoa con diversidade funcional, un ex drogodependente, un emprendedor, unha muller vítima de violencia de xénero, un ex presidiario ou voluntarios que traballan con varios colectivos, entre outros. Ademais, os participantes poderán asistir á conferencia sobre **"Educación non formal, Capital Social e Empregabilidade da Mocidade"**, que impartirán os profesores *Miguel A. Santos Rego* e *Mar Lorenzo Moledo*.

Paralelamente a estas actividades centrais, os participantes terán á súa disposición unha zona de asesoramento sobre os principais programas da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

Na inauguración deste **ÁgoraXove**, a *directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez*, destacou que *"con iniciativas como esta, pretendemos establecer espazos de encontro, de coñecemento, de información e tamén de formación en habilidades, co obxectivo de fomentar a participación da mocidade"*. Vázquez Suárez definiu os **ÁgoraXove** como *"espazos abertos para a creación de oportunidades mediante o intercambio e posta en común de ideas novidosas"*.

O perfil dos participantes nos **ÁgoraXove** son membros de entidades, asociacións xuvenís ou grupos informais, antigos participantes nos *programas de Xuventude*, técnicos de xuventude e de emprego, concelleiros de xuventude, monitores e mozos e mozas en xeral. Estes foros tamén contarán cunha área de asesoramento sobre asociación e participación nos programas de educación non formal da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*.

Ademais dos **ÁgoraXove de Vilalba**, da *Universidade de Santiago, de Palas de Rei e da Universidade de Vigo* xa celebrados, este programa tamén terá lugar nas vindeiras semanas en *Ourense, A Estrada, Betanzos, Bergondo, Marín, Vilanova de Arousa, Curtis e Ferrol*.

A directora xeral de Xuventude recolle as ideas dos mozos e mozas participantes nos programas de xuventude en Vigo co obxectivo de mellorar as actuacións no eido da mocidade

Venres, 15 Abril 2016 08:56

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo hoxe en Vigo unha xuntanza de traballo cos mozos e mozas que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola Dirección Xeral, entre eles, **Iniciativa Xove**, **Voluntariado Xuvenil**, **Galeuropa** ou **Deseñando o teu futuro**. O encontro tivo lugar na **Delegación Territorial da Xunta** na cidade, e nel participaron rapaces e rapazas procedentes das comarcas de *Vigo*, *Baixo Miño*, *O Condado* e *A Paradanta*.

Esta iniciativa ten como obxectivo recoller as súas conclusións á hora de participar nos diferentes programas, co fin de coñecer as súas suxestións, queixas ou dúbidas para recollelas e así poder mellorar as prestacións dos recursos que a Dirección Xeral programa para os mozos e mozas de Galicia. Cecilia Vázquez explicou na xuntanza que *"estas reunións forman parte das accións de participación da mocidade nos temas do seu interese, xa que consideramos prioritario que tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación desta administración"*.

Ademais, Cecilia Vázquez tamén mantivo unha encontro con concelleiros de xuventude destas comarcas, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a administración autonómica, e de presentar a programación da *Dirección Xeral para 2016*.

Entre os meses de febreiro e abril, Cecilia Vázquez está a manter un total de **14 encontros** con mozos e mozas de toda Galicia así como cos responsables de xuventude dos concellos. As xuntanzas xa se celebraron en *Chantada*, *Lugo*, *Noia*, *Melide*, *Ferrol*, *A Coruña*, *Lalín*, *Vilagarcía*, *Pontevedra*, *Santiago*, *Ourense* e *Vigo* e en vindeiras datas terán lugar en *Betanzos* e *Carballo*.

Rey Varela marca como prioridades da mocidade a prevención da violencia de xénero e o acoso no Día Europeo da Información Xuvenil

Venres, 15 Abril 2016 15:04

• *"É o noso deber poñer á disposición da mocidade os elementos necesarios para unha mellor toma de decisións que faga posible a súa plena integración na sociedade"*, destaca

• *Salienta a importancia da Rede de Información Xuvenil, "un servizo público de carácter gratuíto e de estrutura territorial que coordina as iniciativas promovidas tanto por organismos públicos como por entidades xuvenís"*

• *Pola súa banda, a secretaria xeral de Igualdade apuntou que a mocidade constitúe un grupo especialmente vulnerable á violencia de xénero e onde aínda persisten condutas machistas*



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, inaugurou da mañá de hoxe a xornada **'Xuventude e Igualdade'** organizada pola **Xunta de Galicia** con motivo do **Día Europeo da Información Xuvenil**. Na súa intervención o responsable da área social marcou como unha prioridade *"concienciar ás persoas que traballan coa mocidade sobre a importancia da información para a prevención da violencia de xénero e o acoso, dúas das lacras que a día de hoxe ameazan aos nosos mozos"*. Neste sentido, o titular de Política Social asegurou que o Goberno galego apoiará aos rapaces *"nun momento tan importante das súas vidas"* e que sempre estará *"ao seu carón para axudarlles a exercer a súa liberdade de elección"*.

No transcurso do relatorio que tivo lugar no **Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega)**, o conselleiro subliñou a importancia dunha efeméride como o **Día Europeo de Información Xuvenil** co que se pretende concienciar sobre a necesidade do acceso á información de toda a xuventude. *"É o noso deber poñer á disposición da mocidade os elementos necesarios para unha mellor toma de decisións que faga posible a súa plena integración na sociedade"*, engadiu.

Ao fío desta idea salientou a importancia da **Rede de Información Xuvenil**, *"un servizo público de carácter gratuíto e de estrutura territorial que coordina as iniciativas promovidas tanto por organismos públicos como por entidades xuvenís"* e que conta con **248 oficinas locais de información xuvenil (OMIX)**; **12 Espazos Xove da Rede Galega de Centros de Xuventude** dependentes da Dirección Xeral; os puntos de información xuvenil dependentes das Asociacións e entidades prestadoras de Servizos a Xuventude; así como **483 correspondentes xuvenís**, que son estudantes voluntarios distribuídos en **83 antenas de información xuvenil**. O conselleiro destacou a importancia do papel que cumpren estes correspondentes xuvenís que ademais de informar aos seus compañeiros de aula, amizades e coñecidos sobre convocatorias, recursos e programas xuvenís que poidan ser do seu interese recollen as suxestións dos mesmos para mellorar as iniciativas da *Dirección Xeral de Xuventude* e outras institucións públicas.

Pola súa banda, a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella apuntou que a mocidade constitúe un grupo especialmente vulnerable á violencia de xénero. Abella lembrou que actualmente persisten condutas machistas na xuventude. Así, lamentou que un de cada tres mozos considera inevitable ou aceptable nalgunhas circunstancias *"controlar os horarios da parella"*, *"impedir á parella que vexa á súa familia ou amizades"*, *"non permitir que a parella traballe ou estude"* ou *"dicirlle as cousas que pode ou non pode facer"*. Para a secretaria xeral unha das claves para erradicar calquera forma de violencia, incluída a machista, reside na educación.

Abella destacou a importancia de loitar e non fraquear contra a violencia de xénero, *"porque a xuventude de hoxe será a sociedade de mañá, e queremos que sexa unha sociedade construída sobre a liberdade, a tolerancia e o respecto; unha sociedade que faga fronte á submisión, á desigualdade e a violencia"*, indicou.

Xuventude e Igualdade

A xornada sobre xuventude e igualdade está destinada a todas aquelas persoas que teñan contacto directo coa mocidade como poden ser *informadores e técnicos de xuventude, técnicos dos Espazos Xove, dinamizadores xuvenís, titulados e estudantes do ciclo superior en Animación Sociocultural e Turística, entidades prestadoras de servizos á Xuventude*.

O conselleiro de Política Social advertiu que “todas as administracións debemos implicarnos ao máximo en crear unha xuventude libre de violencia e acoso”. Deste xeito lembrou que, entre outras medidas, a Xunta de Galicia vén de incrementar neste 2016 nun 15% os orzamentos da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ata acadar os 9,4 millóns de euros.

Os equipos do IES de Becerreá, gañadores da VII edición de Parlamento Xove

Sábado, 16 Abril 2016 12:11

- José Manuel Rey Varela, acudiu ás finais e felicitou a todos os participantes polo traballo realizado
- A competición baseouse na defensa dun posicionamento sobre un tema proposto pola organización co obxectivo de fomentar o diálogo entre a mocidade como ferramenta para argumentar as ideas propias
- O tema debatido na final foi “O machismo adolescente segue presente na nosa cultura?”



O equipo do IES de Becerreá 1, na categoría de Bacharelato, e o IES Becerreá, na modalidade de Educación Secundaria Obrigatoria, resultaron hoxe os gañadores da sétima edición de Parlamento Xove, competición de debate que organiza a Consellería de Política Social co obxectivo de fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias.

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez e pola vicepresidenta primeira do Parlamento de Galicia, Marta Rodríguez Arias, presidiu no Parlamento de Galicia a final desta competición de debate na que nesta sétima edición participaron un total de 47 equipos de 39 centros educativos de toda Galicia. Á fase final chegaron 16 equipos de 12 centros educativos, cun total de 235 participantes (188 mozos e mozas e 47 profesores/as).

Os equipos gañadores recibiron como premio unha viaxe valorada en 5.000 euros, na modalidade de Bacharelato, e 3.000 euros na categoría de ESO. Os subcampións foron os equipos IES de Becerreá 2, en Bacharelato, e CPR Plurilingüe Sagrada Familia de Vilagarcía en ESO. Recibiron como premio un disco duro para cada un dos membros que compoñen o equipo.

Na categoría de 3º e 4º de ESO, os oito equipos que chegaron a esta fase final foron con dous equipos o CPR Plurilingüe Sagrada Familia (Vilagarcía) e cun equipo o Colexio Maristas “A Inmaculada” (Lugo), o Colexio La Salle (Santiago), o IES Monte Castelo (Burela), o IES A Pinguela (Monforte), o IES de Becerreá e o CPR Nosa Señora de Lourdes (A Estrada).

Na categoría de 1º e 2º de Bacharelato, participaron nesta fase final con dous equipos o IES de Becerreá e cun equipo o IES Eduardo Pondal (Santiago), o Colexio La Salle (Santiago), o CPR Plurilingüe Colexio Esclavas (A Coruña), o IES Antón Fraguas (Santiago), o Colexio Internacional Sek Atlántico (Poio) e o IES de Rodeira (Cangas).

O tema dos encontros dialécticos nesta fase final foi “O machismo adolescente segue presente na nosa cultura?”

Así mesmo, o premio ao mellor dossier de investigación foi para o IES David Buján de Cambre, na categoría de Bacharelato, e o Colexio Maristas “A Inmaculada” de Lugo, en ESO. Recibiron como premio un mp3 para cada un dos membros dos equipos. O tema deste dossier foi o da fase clasificatoria: “Determina o papel do/a profesor/a o futuro dos mozos e mozas?”. E os catro mellores oradores -dous en cada categoría- recibiron como premio un diploma e un mp3.

José Manuel Rey Varela felicitou a todos os premiados e premiadas, así como a todos os participantes nesta sétima edición. “Resulta moi gratificante comprobar que a nosa xuventude se compromete con proxectos que axudan ao desenvolvemento das súas competencias e habilidades sociais e académicas”, asegurou o conselleiro. Ademais, o titular da carteira autonómica destacou que “esta competición axuda a aumentar a capacidade de respecto sobre a opinión que teñan outras persoas e fomenta o traballo en equipo”.

Parlamento Xove é unha competición de debate na que os equipos representantes de centros educativos de toda Galicia empregan a oratoria para defender un determinado punto de vista acerca dun tema proposto pola organización. Os participantes de cada equipo -formado por catro alumnos/as e un profesor/a- investigan, escriben e debaten sobre o tema proposto, incluíndose tamén a realización dun dossier de investigación. Nos seus sete anos de vixencia son 1.122 os participantes nesta iniciativa.

A dificultade da actividade está en que só cinco minutos antes de cada encontro dialéctico se procede ao sorteo da postura a adoptar por cada equipo, “a favor” ou “en contra”, en relación á cuestión formulada. Os equipos levaron a cabo unha labor de investigación previa e agora contrapoñen e discuten datos e ideas.

Trátase de debates de carácter argumentativo; espazos de comunicación que permiten a discusión sobre o tema proposto e gañarán non os equipos que necesariamente teñan a razón, senón os que mellor sustenten as súas ideas. Durante o transcurso destes debates dialécticos, os mozos e mozas desenvolven valores como a capacidade de respectar a opinión dos demais, a colaboración cos compañeiros para elaborar as conclusións e fomentan a toma de conciencia no comportamento democrático.

Os obxectivos principais destes debates son: dar a coñecer e defender a postura sobre o tema proposto; dar elementos de xuízo claros na exposición; exercitar a expresión oral, a capacidade de escoitar e a participación activa e defender as opinións con xustificación.

Parlamento Xove, como actividade na que participa o alumnado e profesorado de centros educativos, contribúe ao desenvolvemento de practicamente todas as competencias básicas como a competencia lingüística, nos seus catro ámbitos (expresión oral e escrita e comprensión oral e escrita); a competencia matemática, xa que en todos os debates manexan datos e porcentaxes que avalan a súa argumentación; tratamento da información e competencia dixital; a competencia social e cidadá que contribúe á convivencia dado que o traballo realízase en equipo; a competencia cultural e artística dado que nos debates se esixe o emprego de figuras estilísticas e capacidade de retórica; e a competencia para aprender e iniciativa persoal.

A Dirección Xeral de Xuventude celebra o I Encontro do Proxecto Móvete de dinamización do voluntariado para nenos e nenas de educación primaria

Luns, 18 Abril 2016 08:25

Cento vinte alumnos dos CEIP de **A Lomba** (Vilagarcía de Arousa), **Fontiñas** (Santiago de Compostela) e **Virxe de Cela** (Monfero), participaron na **Cidade da Cultura** no I Encontro do Proxecto **Móvete** de dinamización do voluntariado entre o alumnado dos primeiros cursos de educación primaria.

Ao longo da mañá, as nenas e nenos participantes presentaron os proxectos de voluntariado que desenvolveron ao longo deste curso escolar, que tiveron como temática o desenvolvemento rural, a protección dos dereitos dos animais e o coñecemento da realidade social da contorna. O evento finalizou cun concerto de **Paco Nogueiras**, onde se interpretou o tema "**Móvete**", himno oficial do proxecto.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, **Cecilia Vázquez**, que participou nesta iniciativa, afirmou que **Móvete** "pretende ser o instrumento primixenio para a primeira formación dos máis novos nos valores asociados ao voluntariado e á solidariedade dende un contexto lúdico e vinculado á música como elemento de motivación".

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ofrece un itinerario de voluntariado integral e completo para todas as idades, de tal xeito que se inicia en Primaria con **Móvete**, segue con **Pasaporte Solidario** -dirixido a rapaces e rapazas de ata 12 anos- continúa coa **Rede de Centros Solidarios para estudantes de Secundaria**, e complétase co **Servizo de Voluntariado Xuvenil**, que se prolonga ata os **30 anos**.



EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Correspondentes con Siria

Mercores, 13 Abril 2016 11:57

O **IES Monte Carrasco** e o **IES Monte Rodeira de Cangas** únense á campaña humanitaria de axuda a **Siria** que promove o **Concello de Cangas** e diversas asociacións.

O grupo de alumnado dos centros que participan no **Programa de Xuventude de Correspondentes Xuvenís** do **Concello de Cangas** colaborará na campaña, recollendo, clasificando e organizando o material recaudado.

Polo que podedes levar aos centros e deixar en **Conserxería** o seguinte material:

PRIORITARIO

- Material acampada**: Mantas, sacos de dormir, tendas de campaña...
- Comida (sen perco)**: Latas, aceite, pastas, zumes...
- Comida infantil**: Potitos, cereais, potabilizadores de auga...
- Material escolar (NON libros)**: Libretas, pinturas, rotuladores, mochilas...
- Material médico e hospitalario**: Muletas, próteses, cadeiras de rodas, probos de diábetes...
- Xoguete**: Non carros grandes
- Hixiene**: Xel, esmalte bebé e adultos, champú, bañiflas, xabón...
- Artigos bebés**: Chupetas, porta-bebés, cadeiras...

ROUPA

- Xersei e sudadeiras
- Calzado e botas cómodas
- Patalóns vaqueiros (chandals, maias...)
- Roupa interior nova, calcetins novos, gorros de viseira...
- Chubasqueiros, roupa de augas, paraugas...
- Vestidos cómodos, polos, camisetas...
- Panos para a cabeza
- Roupa de bebé e roupa premamá
- Buflandas, luvas, gorros, ponchos, sombreros, toallas...

*O calzado debe de estar en bo estado, atado por pares e indicar a talla.
*Roupa a poder ser separada en home - muller, tipo e talla.

RECOLLEMOS ATA O 22 DE ABRIL

TAMÉN PRECISAMOS AXUDA ECONÓMICA PARA SUFRAGAR O TRANSPORTE DOS NÓRDOS CORRESPONDENTES
BANKIA ES22 2038 1812 4060 00536717
TEL. 931 756 793
www.asociacionaapoyalpueblo.com

ASOCIACIÓN DE APOYO AL PUEBLO SIRIO
ASOCIACIONAPOYALPUEBLOSIRIO@GMAIL.COM
@AAPSMADRID

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2016

Xoves, 14 Abril 2016 05:53

Ábrese o **prazo** para solicitar os campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2016.

Requisitos

- Ter recoñecida unha discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima á súa finalización.
- Estar empadroados nalgún concello de Galicia.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.

Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

Servizos ofertados

Aloxamento en albergue, residencia ou apartamento, segundo o destino solicitado.

Manutención en réxime de pensión completa.

Programa de actividades de animación sociocultural.

Material necesario para a actividade.

Equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.

Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Campamentos:

Destinos, actividade, idades, datas, prazas e prezo.

Destinos	Actividade	Idade	Datas	Nº de prazas	Prezo
Albergue Xuvenil de Gandarío Bergondo. A Coruña.	 Natureza xunto ao mar	de 11 a 14 anos	do 1 ao 10 de agosto	15	125 €
		de 15 a 18 anos	do 11 ao 20 de agosto	25	
		de 19 a 25 anos	do 11 ao 20 de agosto	30	
		de 26 a 40 anos	do 20 ao 29 de agosto	30	
Residencia de Tempo Libre Panxón. Nigrán. Pontevedra.	Teatro e aventura na natureza	de 11 a 14 anos	do 1 ao 10 de xullo	10	125 €
		de 15 a 18 anos	do 1 ao 10 de xullo	10	
		de 19 a 25 anos	do 1 ao 10 de setembro	15	
		de 26 a 40 anos	do 1 ao 10 de setembro	15	

Modelo de solicitude e de informe médico

A solicitude e o informe médico formalizarase nos impresos oficiais e terán que estar asinados polos pais/nais ou titores das persoas con discapacidade e polo persoal médico, segundo corresponda.

Estes impresos están á disposición das persoas interesadas na páxina web :

<http://benestar.xunta.es/web/portal/campamentos-veran>

Prazo e lugares de presentación de solicitudes

Ata o día 30 de abril.

As solicitudes, acompañadas da documentación requirida, presentaranse por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e dirixiranse á:

Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade
Edificio administrativo San Caetano, s/n.
15781 Santiago de Compostela.

Custo da praza e bonificación

As persoas participantes deberán ingresar a cantidade establecida, nos termos que se lle indiquen ao notificarlle a concesión da praza.

Ese importe pódese reducir nun 50% se a persoa ten o título de familia numerosa e nun 25 % se ten o carné xove. Estes descontos non serán acumulables en ningún caso.

No caso de acollerse a algunha destas dúas condicións terase que acompañar coa solicitude o documento acreditativo (fotocopia do título de familia numerosa ou do carné xove, segundo proceda).

Información:

Para información xeral pódense dirixir a:

O número 900 333 666 do Teléfono Social de forma gratuíta.

Os servizos de Dependencia e Autonomía Persoal das xefaturas territoriais situados en:

A Coruña

Rúa Concepción Arenal, nº 7-9 - 15006 A Coruña.
Teléfono 881 881 528.

Lugo
Rúa Serra de Ancares, nº 68 baixo - 27003.Lugo.
Teléfono 982 889 132.

Ourense
Rúa Sáenz Díez, nº 33 - 32003 Ourense.
Teléfono 988 386 178.

Vigo
Rúa Concepción Arenal, nº 8, 1º andar - 36201 Vigo.
Teléfono 986 817 217.

Os servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social.

Os servizos sociais comunitarios dos concellos.

Os servizos sociais dos centros sanitarios.

Para información sobre a xestión do programa, remisión de documentación, valoración de solicitudes e adjudicación de prazas ao *Servizo de Prevención da Dependencia*, da *Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade*, teléfonos: 981 547 437, 981 544 640, autonomiapersoal.sxps@xunta.es

Para información sobre as instalacións nas que se desenvolve o programa pode consultar a páxina web:

<http://benestar.xunta.es/web/portal/campamentos-veran> ou dirixirse directamente ás propias instalacións.

Concurso EYCA - Carné Xove

Venres, 15 Abril 2016 00:00

Información

A **European Youth Card Association (EYCA)**, en colaboración coa *Comisión Europea*, convocou a segunda edición dos **Premios Carné Joven Europeo SVE (European Youth Card EVS Awards)** como recoñecemento á labor que desenvolven as persoas que realizan un *Servicio Voluntario Europeo (SVE)* no marco do **programa Erasmus+: Juventud en Acción**.



Trátase dun concurso online no que poden participar os voluntarios do **SVE** en posesión do **Carné Xove Europeo** válido no momento de participar. Para elo, unicamente teñen que grabar un vídeo de 60 segundos sobre a súa experiencia do SVE e subilo ao microsite do concurso no que outros mozos e mozas poderán votar os seus favoritos.

Convoca

A European Youth Card Association (EYCA), en colaboración coa Comisión Europea.

Requisitos

Voluntarios do SVE (Servicio de Voluntariado Europeo) en posesión do Carné Xove Europeo (EVS European Youth Card) no momento de participar.

Dotación

Os 4 gañadores serán premiados cunha viaxe a *Naxos (Grecia)*, *Barcelona, Portugal* ou *Mérida*, incluíndo o transporte ida e volta desde a orixe ao destino, aloxamento para dúas persoas e outros beneficios especificados na web (consultar las diferentes duracións e características de cada viaxe na web). Non inclúe seguros de saúde nin viaxe.

Web do concurso: <http://www.eyca.org/evs-awards/info.php/prizes>

Gañadora do concurso de deseño do cartel do programa Xuventude Crea 2016

Luns, 18 Abril 2016 05:53



Gañadora do concurso de deseño do cartel do **programa Xuventude Crea 2016:**

TAMARA REY MARTÍNEZ, co título/pseudónimo: **"Estructuras"**

Composición do xurado do Concurso de deseño do cartel para o programa **Xuventude Crea 2016**.

Presidenta:

YOLANDA OTERO BALSA

(*Subdirectora xeral de Programas para a Xuventude da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*)

Vogais:

M^a. Asunción García Cao
M.^a Jesús López Cernadas
M.^a Pilar Lorenzo Vilar
Pilar Tamerón Montesinos
Ana Martínez González
M^a. Belén Pardal García
Carmen Pereiras Pérez
José Manuel Ramberde Sexto

Secretaria:

Ángela Fernández Rey

Deseñando o teu futuro 2016

Luns, 18 Abril 2016 06:14



xuventude.net

Deseñando o teu futuro

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convoca o **Programa Deseñando o teu futuro**, un programa de aproximación da mocidade galega ao ámbito socio - laboral mediante o desenvolvemento de estadias – visitas en distintos sectores das empresas/entidades públicas e privadas, facilitando, deste xeito, unha experiencia que lle permita decidir a súa traxectoria formativa profesional.

Finalidade da subvención:

Financiar os proxectos dirixidos a que os mozos e as mozas entre 14 e 18 anos realicen estadias-visitas non remuneradas en empresas/entidades públicas ou privadas radicadas na *Comunidade Autónoma de Galicia*, aos efectos de que adquiran competencias, habilidades e cualificacións que complementen o seu desenvolvemento persoal e a súa formación.

Entidades beneficiarias:

A) Entidades sen ánimo de lucro, con sede permanente ou domicilio social en Galicia que lle presten servizos á mocidade, e as súas respectivas federacións, sempre que, no caso destas últimas, o proxecto que presenten non sexa o mesmo que o de cada unha das entidades que as conforman.

B) Concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da *Comunidade Autónoma* validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios.

Solicitudes: presentación e prazo

A) Entidades sen ánimo de lucro:

- Presentación preferentemente por vía electrónica en <https://sede.xunta.es> co procedemento BS326A.

- Opcionalmente pode presentaras en soporte papel, descargando a solicitude en <https://sede.xunta.es> (procedemento BS326A) e presentándoa en calquera dos rexistros e lugares establecidos.

B) Concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios presentarán as solicitudes unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> co procedemento BS326A.

Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Non se admitirán as solicitudes que non se presenten por medios electrónicos.

Prazo para presentar solicitudes: aberto ata o **18 de maio de 2016**.

Proxectos subvencionables:

Persoas destinatarias: mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos con autorización do pai, da nai ou titor/a legal.

Número máximo de participantes por proxecto: 30

Período do proxecto: 2 meses.

Data límite de realización: 15 de novembro de 2016.

Duración das prácticas: mínimo de 5 días hábiles e máximo de 15.

Xornada diaria da estadia-visita: mínimo de 4 horas.

As empresas deberán estar radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os proxectos constarán de tres fases:

a) Organización e planificación (que inclúe entre outros, o proceso selectivo e a busca de empresas de acollida para as estadias-visitas).

b) A realización das estadias-visitas non remuneradas en empresas/entidades públicas ou privadas (que incluíra a titorización e o seguimento das estadias)

c) Avaliación e seguimento posterior (inclúe a visualización que se lle dará ao proxecto en particular e ao programa deseñando o teu futuro en xeral).

Conceptos subvencionables e contía da axuda:

- 6 euros por día e participante para cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou moza.
- 100 euros por participante para cubrir os custos derivados da organización das estadias-visitas, entre os que se inclúen: os preparativos da organización, proceso selectivo, búsqueda de empresas de acollida, información e asistencia aos participantes, titoría antes, durante e despois das estadias-visitas, a supervisión dos participantes, a adopción de acordos específicos para garantir a calidade das estadias-visitas e os gastos de seguros de accidentes e de responsabilidade civil dos mozos/as participantes.

Máis información no DOG do 18 de abril de 2016.

Ágora Noite en Ourense

Luns, 18 Abril 2016 08:14



Ágora Noite é un dos doce foros de participación xuvenil que organiza a *Consellería de Política Social* a través da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*; enmarcados dentro do **programa Ágora Xove**. Terá lugar o xoves **21 de abril**, no **Café Jam Session de Ourense a partir das 21:00h**.

O **obxectivo** do evento é que a información xuvenil chegue aos mozos e mozas por unha canle o máis informal e desenfadado posible, rompendo así as barreiras que moitas veces separan á mocidade da administración. Para o cal deseñamos un programa de actividades nun local da zona de lecer nocturno da cidade, que inclúe rostros coñecidos do mundo cultural e asociativo, así como dinámicas que fomenten a interacción entre os participantes e os ponentes. Aquí o tedes:

21:00h. Presentación e inauguración.

21:15h. Mesa redonda: "Competencias e habilidades para o éxito"

Carmen José López, presidenta da Federación Galega de Xoves Empresarios.
Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
José Manuel Dopazo Mella, director do IES Maruxa Mallo de Ordes e coach.

21:45h. Reflexión en clave biográfica e actuación.

Daniel Minimalia, premio á mellor canción Word Music do Ano.

22:15h. Entrevista: *Rubén Rodríguez Rodríguez (Rubén Ríos)*, o making of dun actor e produtor ourensán.

22:45: Panel de experiencias de educación non formal.

Adrián Rodríguez, secretario da *Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia.
Alexandre Sotelino, recuperación do folclore tradicional e aprendizaxe.
María Suárez e Adrián González, participantes no programa Galeuropa.
Aitor Barbosa, doutorando en equidade e innovación educativa pola Universidade de Vigo.
Iago Souto, Alba Martín, Ángel Rey, Marta Caeiro e Isabel Rey; promotores da app Whimlist e gañadores do concurso XMMINT de Unicef.
Paula Mozo Pereira, responsábel de comunicación en Ideas for Ourense.

